

NEWS SEMANAIS



NOVAS DO SECTOR AUTONÓMICO



SINDICATO **INDEPENDENTE E PROFESIONAL**
DE EMPREGADOS PÚBLICOS


XUÑO_2



CSIF GALICIA

Rúa do Valiño, 65, baixo
15707 Santiago de Compostela

Tefl.: 981 560 951
email: galicia@csif.es
www.heraldtoupeiras.es



Herald Toupeiras

@Heraldtoupeiras

Índice

1. Nota informativa sobre a RPT da Consellería de Política Social
2. TSXG admite a trámite a denuncia de CSIF contra as oposicións de incendios
3. Función Pública cambia de criterio e dará validez ao título de capataz
4. Nota informativa da reunión e alegacións a RPT do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
5. Proposta de actuacións relativas ao persoal laboral da Gardería Fluvial de Augas de Galicia
6. NEWS CSIF autonómico: resumo segunda quincena
7. A OIT contra o acoso e a violencia no traballo
8. Actividades de formación continua da EGAP
9. Oferta de formación profesional para o curso académico 2019/2020
10. Procesos selectivos na Administración Xeral do Estado
11. CSIF esixe medidas “Seguridade Vial Laboral” nas Administracións públicas
12. Ofertas públicas de emprego nas Entidade Locais de Galicia
13. OUTRAS NOVAS: Rpt, estrutura orgánica, calendario laboral e calendario escolar
14. Calendario laboral: Festividades do ano 2020 para a Comunidade Autónoma de Galicia
15. CSIF AXUDA A combater a calor

1. Nota informativa sobre a RPT da Consellería de Política Social

O pasado 21 de xuño mantivemos unha reunión de modificación/incremento da RPT da Consellería de Política social.

A Secretaria Xeral Técnica manifesta que é unha **RPT pequena sen dotación orzamentaria** en capítulo I, xa que non estaba contemplado ningún incremento para esta consellería, é consciente das necesidades dos centros e amósase favorable a unha ampliación da RPT da Consellería de Política Social paro o exercicio seguinte.

A postura de CSIF é positiva na **conversión das medias xornadas a xornadas completas**, pero solicitamos que se faga extensivo ao resto das provincias que tamén teñen este tipo de contratos, e do mesmo xeito, aos **contratos de fin de semana** xa que claramente son contratos precarios; a Consellería de Política Social é unha Consellería altamente feminizada e cunha proporción de postos de traballo en precario preocupante.



Esta proposta non palía as necesidades de persoal dos nosos centros, hai que engadir que debido ao incremento no ingreso de usuarios con patoloxías mentais severas agrava esta situación de necesidade, xa que a "ratio" na atención de usuarios con patoloxías mentais non é a mesma ca nun centro de maiores. Tamén manifestamos a nosa preocupación polo elevado número de adaptacións de posto, que van en aumento, xa que non poden ser considerados efectivos reais, e polo tanto, hai que incrementar persoal nas categorías afectadas naqueles centros que teñan esta problemática.

Trasladamos tamén a necesidade de persoal nos Equipos de Valoración e Orientación de Discapacidades (EVO), a falta de persoal afecta nas tramitacións dos expedientes, que se dilatan no tempo, aumentando o tempo de espera para as persoas que están nunha situación de saúde desfavorable.

Estamos a favor da creación de postos de traballo, con matices, como é o caso do posto base de subgrupo A1 na Xefatura Territorial de Lugo co requisito de titulación Lic/Grao en dereito co que non estamos de acordo, así como a apertura de posto de axudante/a secretario/a ó persoal doutras administracións.

Opoñémonos ás amortización dos postos de traballo, xa que non deixa de ser unha destrución do emprego, nalgúns caso como o praza de xefe de Administración na Casa da Xuventude de Carballo cuberto ata de agora en comisión de servizos.

Trasladamos a situación dos funcionarios das unidades administrativas dos centros desta consellería que están asumindo tarefas e responsabilidades a pesar de que sexan dun nivel base.

Prazo para presentar **alegacións** ata **xoves 27 de xuño**

Documentos anexos:

[Memoria funcional](#)


2. O TSXG admite a trámite a denuncia de CSIF contra as oposicións de incendios

 **As bases foron aprobadas co voto a favor de CCOO e UGT.**

 **As prazas están ofertadas e convocadas como postos de persoal funcionario.**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia admitiu a trámite o recurso **contencioso administrativo** presentado por **CSIF contra as convocatorias dos procesos selectivos para prazas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF)** que se convocan como postos de persoal funcionario.

CSIF mantivo un posicionamento moi simple ao longo dos últimos anos; **primeiro consolidar e estabilizar o emprego e logo funcionarizar** (tras unha negociación seria, rigorosa e sen cheques en branco?). Iso implica que as prazas de laborais **deben ser convocadas como prazas de laborais en auténticos procesos de consolidación**. A oferta, e posterior convocatoria, das prazas como postos de persoal funcionario, prexudica gravemente os dereitos do persoal laboral do SPIF, **impedindo ata a algúns traballadores temporais de longa duración presentarse** ao proceso selectivo no que se oferta o posto de traballo que desempeñan actualmente, ao **carecer da nova titulación esixida**.



Por moito que algúns mintan, as bases destes procesos selectivos, **aprobadas co voto a favor de CCOO e UGT**, non poden considerarse como unha consolidación ou estabilización do emprego, posto que se **puntúan igual os servizos prestados na Xunta de Galicia que os prestados noutras administracións públicas**, non se establece unha **nota de corte** que garanta o acceso á fase de concurso para unha **valoración real e efectiva** dos méritos dos traballadores da Xunta, ?.

En consecuencia, no DOG de hoxe, 17 de xuño, publícase o anuncio *polo que se empra a aos interesados no recurso contencioso-administrativo contra a Orde de 28 de febreiro de 2019 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, subgrupo C2, nas especialidades de emisorista/vixiante fixo/a, bombeiro forestal-condutor motobomba e bombeiro forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma.*

Novas relacionadas

[El TSXG ha admitido a trámite la demanda de CSIF contra las oposiciones del Servicio de Prevención de Incendios Forestales.](#)

3. Función Pública cambia de criterio e dará validez ao título de capataz

- CSIF Os servizos xurídicos de facenda levan anos resolvendo en contra dos traballadores que teñen esa titulación
- CSIF Aspirantes con tempo traballado e nota de exame están excluídos das listas de xefe de brigada por ter esa titulación
- CSIF Si cámbiase o criterio, esiximos a inmediata revisión das exclusións dos últimos anos por presentar o título de capataz forestal.

Tras diversas consultas realizadas por **CSIF** ante Función Pública e á Consellería de Medio Rural, fomos informados de que, para a **firma dos contratos de xefe de brigada** derivados dos chamamentos do pasado día 24 de xuño, **darase validez ao título de capataz forestal**.

Sen entrar a valorar o fondo da cuestión, desde **CSIF** debemos **denunciar o trato discriminatorio** que sufriron, e seguen sufrindo, aqueles aspirantes que, en moitos casos, con tempo traballado na categoría e/ou nota de exame, non puideron inscribirse ao longo dos últimos anos nas listas de Xefe de Brigada porque son **excluídos sistemáticamente si presentan a titulación de capataz forestal**.

De feito, en **CSIF** estamos en posesión de varias resolucións, asinadas pola **Xefatura de Réxime Xurídico e Recursos da Consellería de Facenda**, nas que se desestiman os recursos de alzada presentados contra dita exclusión das listas. En devanditas resolucións desestimatorias, **os servizos xurídicos da Xunta argumentan e xustifican en catro folios a falta de validez de devandito título**.

Ata, no ano 2016, mantivemos unha agre **discusión coa Subdirección de Relacións Laborais** por estas exclusións e polo engano que supoñía manter na páxina web da Xunta de Galicia como requisito válido un título que posteriormente non era dado por válido por Función Pública (nos primeiros anos de existencia da lista si era dado por válido).

Por tanto, desde **CSIF** **esiximos a Función Pública a inmediata revisión das exclusións dos últimos anos** nas que os aspirantes foron excluídos por falta de titulación e, de forma urxente, sexan **incluídos nas listas de contratación** de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada aqueles aspirantes que presentaron o título de capataz forestal. E todo iso sen menoscabo das posibles reclamacións individuais que poidan suscitar os afectados polos irreparables danos causados.



4. Nota informativa da reunión e alegacións a RPT do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

1.- Consideracións previas:

O Director Xeral de Función Pública recoñece que a negociación desta RPT **abórdase no ámbito do propio Consorcio** e á marxe da RPT da Consellería de Política Social. Tal e como vén mantendo CSIF de xeito reiterado, o Consorcio de I+B non ten adaptados os seus estatutos e normas de funcionamento á Lofaxga, polo que se rexe pola súa normativa específica. En consecuencia, correspóndelle a aprobación da súa RPT ao Consello Reitor do ente.

Do mesmo xeito, e malia que o Consorcio de I+B está integrado no artigo primeiro do V Convenio Colectivo, o persoal do Consorcio de I B non é persoal laboral da Xunta de Galicia. Para iso é necesario previamente efectuar o procedemento voluntario de integración conforme ao disposto no Decreto 129/2012. Pero para iso, é condición insalvable a adaptación á Lofaxga mencionada.

2.- Temas específicos da RPT:

I. TITULACIONES DE ESCOLAS INFANTÍS:

a) *Titulación de Técnico de Xardín de Infancia e Mestre en Educación Infantil:*

Segundo informa o xerente, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional manifesta que non hai impedimento para acceder ás prazas das Escolas Infantís con calquera destas dúas titulacións. Non entanto, están a esperar de recibir o informe escrito da Consellería.

En todo caso calquera das dúas titulacións vai ser válida, xa que en sú momento o Consorcio permitiu a titulación de «mestre» para cubrir os postos.

b) *Traballadores que carecen da especialidade de educación infantil: (12 traballadores)*

O xerente afirma que necesitarán facer os módulos correspondentes e que terán tempo suficiente antes da convocatoria dos correspondentes procesos selectivos.

c) *Persoal laboral fixo subrogado:*

A Gerencia propón mantelos nos seus postos coa condición de “praza a extinguir”.

d) *Traballadores encadrados en grupos superiores para os que non posúen a titulación:*

Existen un total de 16 traballadores nesta situación. A Gerencia baralla a posibilidade de encadralos noutros postos que sexan acordes coa titulación que posúen, aínda que a estas alturas non son capaces de determinar si necesitase n devanditos postos nos centros.

II. POSTOS ITINERANTES:

Só manteñen as prazas itinerantes onde os traballadores fan funcións en dúas ou máis centros, e queren crear esta figura en escolas infantís por necesidades de matrícula dentro dun ámbito xeográfico e poder cambiar ao longo do curso ou dun curso para outro.

CSIF reclamou unha maior retribución para este tipo de postos.

III. DIRECCIÓNS E COORDINACIONES;

Non aparecen en RPT, queren facer un modelo similar a como se fai nos centros de Educación, para as Escolas Infantís, é dicir, nomeamento polo sistema de Libre Designación.

Nos centros de maiores este posto será ocupado por un técnico do centro.

CSIF opúxose a que este tipo de postos fosen cubertos mediante o sistema de libre designación

IV. XORNADAS PARTIDAS:

A Xerencia mantén a necesidade dos postos con xornada partida. CSIF manifestou a súa oposición e que, no seu caso, deberían de levar aparelhadas unha maior retribución.

Alegacións de CSIF á proposta da RPT do Consorcio de I+B

5. Proposta de actuacións relativas ao persoal laboral da Gardería Fluvial de Augas de Galicia

PROPOSTA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER ENTRE A ADMINISTRACIÓN E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS RELATIVAS AO PERSOAL LABORAL DA GARDERÍA FLUVIAL DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

A lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, crea e regula no seu Título II a entidade pública empresarial Augas de Galicia, responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Xunta de Galicia

O Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial (DOG nº 9 do 13 de xaneiro de 2012) detalla máis polo miúdo as competencias do ente público, entre as que se atopan, segundo sinala o artigo 19, letra e) "A dirección e o establecemento dos criterios xerais de despregamento e actuación da Gardaría Fluvial de Augas de Galicia, cuxos efectivos gozan, no exercicio das súas funcións de inspección, vixilancia e control do dominio público, das prerrogativas inherentes á súa condición de autoridade pública."

Por outro lado, no Acordo do 18 de decembro de 2008, asinado entre Augas de Galicia e as organizacións sindicais con representación no comité intercentros, CCOO, UGT, CIG e CSI-CSIF, ademais de concretarse as funcións a desempeñar pola Gardería Fluvial, as partes asinantes asumían o compromiso de manter a actividade negociadora ata acadar a reclasificación dos postos de traballo do colectivo de persoal laboral que integra a gardería fluvial.

Neste ano 2019, o DOG nº 19 do 28 de xaneiro, publicou o Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO e UXT con data do 15 de xaneiro de 2019.

Dentro dos obxectivos que se marcan no dito acordo está o de avanzar na regulamentación establecida na comunidade autónoma en relación coa funcionarización do persoal laboral dentro do marco máis amplo que permita a normativa, coa finalidade de tender a un único réxime xurídico, o funcional, para o persoal dependente da Dirección Xeral da Función Pública.

Outro dos obxectivos que se extrae do Acordo de concertación é o fomento da promoción interna para o que se prevé que non se computen dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen mediante procesos de promoción interna.

Así pois, o novo marco deseñado polo Acordo de concertación fan conveniente negociar un novo acordo que, sobre a base do asinado en 2008 entre Augas de Galicia e as organizacións sindicais con representación no comité intercentros, CCOO, UGT, CIG e CSI-CSIF permita dotar á entidade pública dunha estrutura de postos de traballo axeitada á realización das tarefas de vixilancia do dominio público hidráulico encomendadas.

Porén, a proposta que se formula fundaméntase en tres **EIXES** principais:

1º.-Definición de funcións da escala de axentes de inspección, especialidade vixilancia do dominio público hidráulico.

2º.-Funcionarización das categorías laborais existentes,

3º.-Dotación de prazas e cobertura das mesmas por procesos selectivos co obxectivo de reforzar as tarefas de vixilancia do dominio público hidráulico

1. DEFINICIÓN DE FUNCIÓNS

a. Vixilancia do estado de conservación dos cauces públicos e as súas zonas de servidume e policía e das obras que se executen con motivo do outorgamento de concesións e autorizacións que se refiren ó dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.

b. Denuncia ou informe de calquera anomalía ou infracción.

c. Vixilancia daquelas actividades susceptibles de provocar vertidos no dominio público hidráulico ou no mar desde terra mediante o acceso ós puntos que se presuman contaminados, tomando a correspondente mostra segundo o protocolo de "tomas de mostras" .

d. Vixilancia de tramos de ríos para localizar áreas que requiran limpeza de vexetación, obstrucións, localización de verquidos, etc.

e. Elaboración de partes de servizo, boletíns de denuncias, informes e demais documentos relacionados coas súas funcións.

f. Cantas outras funcións compatibles co seu nivel e coñecementos lle indique o seu superior.

2º.- FUNCIONARIZACIÓN DE CATEGORÍAS LABORAIS:

O persoal laboral fixo, do Grupo III, categorías 8 (Encargado/a xeral) e 67 (Xefe/a equipo), cuxa praza sexa obxecto dun proceso de funcionarización ao abeiro do Acordo de concertación, poderá participar no proceso selectivo de promoción interna, polo sistema de concurso-oposición, de forma independente dos de libre concorrência, sempre que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, ou pasase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, sempre que posúan a titulación necesaria e reúnan os restantes requisitos esixidos, nos termos sinalados na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na Disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Ao persoal laboral fixo que a consecuencia deste proceso, adquira a condición de funcionario de carreira, adxudicaráselle destino definitivo, de carácter funcional, no mesmo posto que viña desempeñando con carácter definitivo

3º.-DOTACIÓN DE PRAZAS E COBERTURA DAS MESMAS POR PROCESOS SELECTIVOS

A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia fixa como obxectivo a creación dun mínimo de 16 prazas do Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia – Escala de Axentes de Inspección-Especialidade de Vixilancia do dominio público hidráulico (subgrupo C 1)”

Nunha primeira quenda ofertaranse 9 prazas, a convocar o antes posible trala sinatura do acordo. As prazas que quedasen sen cubrir acumularanse ás 7 prazas restantes e ofertaranse no ano 2020, poñendo fin a este acordo.

As prazas de nova creación uniránse ás que xa existan como consecuencia da funcionarización das categorías que se relacionan no apartado 2 deste acordo.

Para a cobertura desas prazas acudirase aos procesos selectivos que se articularan, exclusivamente, a través dunha promoción interna separada e restrinxida, na que só poderá participar o persoal laboral fixo da categoría 7 do Grupo IV “Garda de explotación” sempre e cando posúan a titulación necesaria, teñan prestados servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como persoal laboral fixo, reúnan os requisitos esixidos e polo sistema de concurso-oposición.

As partes acordan que, finalizados todos os procesos de promoción interna previstos neste acordo á Escala de Axentes de Inspección, especialidade de vixilancia de dominio público hidráulico (Subgrupo C1), se ofertarán, de ser o caso, á quenda de acceso libre as vacantes que houbera ao último proceso de promoción interna a esta escala, segundo as previsións establecidas na normativa en materia de Función Pública.

A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia comprométese, xunto coas centrais sindicais, a promover o procedemento necesario para que o persoal do grupo IV, categoría 7, que non teña a titulación esixida poida concorrer a unha praza da Escala de Axentes de Inspección, especialidade de vixilancia de dominio público hidráulico (Subgrupo C1), mediante o proceso de promoción interna descrito neste punto, unha vez obtida a titulación académica necesaria.

Darase traslado desta addenda ao órgano competente en materia de función pública para que as prazas se inclúan nas correspondentes ofertas de emprego público na quenda de promoción interna.

A creación de prazas farase efectiva unha vez rematado cada un deses procesos selectivos.

A Administración, a través da Dirección Xeral de Función Pública, negociará coas organizacións sindicais unha proposta de bases dese procesos.

6º.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade para levar a cabo o seguimento e control das actividades necesarias para a execución do presente acordo.

A comisión de seguimento estará integrada por 4 representantes da Administración autonómica e 1 representante por cada organización sindical asinante deste acordo

Cada unha das partes representadas nesta Comisión de seguimento poderá estar asistida polos técnicos/as que estime oportuno, previa comunicación da súa designación ao desenvolvemento da reunión.

A comisión de seguimento será paritaria e estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública ou a persoa en quen delegue.

6. NEWS CSIF autonómico: resumen segunda quincena

[Boletín de Acción Social Nacional de CSIF verano 2019, exclusivo para afiliados y delegados](#)

Los afiliados y delegados de CSIF pueden consultar las alternativas de Acción Social ESPECIAL VERANO 2019,



[Proposta sobre o desenvolvemento do acordo de concertación social e da axuda de persoas con discapacidade](#)

Roposta de Acordo entre a Xunta de Galicia e as Organizacións Sindicais...de desenvolvemento do Acordo de concertación social no emprego público e da axuda de persoas con discapacidade dependentes do persoal funcionario do actual fondo de acción social.

[CSIF gana las elecciones sindicales de Medio Rural, con 8 delegados más que en 2015](#)

Con un total de 27 delegados, CSIF se convierte en la 1ª fuerza sindical de Medio Rural.

CSIF obtiene 8 delegados más que en 2015



[Previsión da publicación no DOG do Concurso de traslados do persoal funcionario Lei 17/1989](#)

Infórmannos que está previsto que o próximo xoves, 27 de xuño se publique no DOG a Resolución da D.X.RR.HH. pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/excluidos e a resolución provisional da 1ª fase do concurso de traslados

[El TSXG admite a trámite la denuncia de CSIF contra las oposiciones de incendios](#)

Las bases fueron aprobadas con el voto a favor de CCOO y UGT.

Las plazas están ofertadas y convocadas como puestos de personal funcionario.



[Listaxe provisional de postos de traballo a ofertar na toma de posesión de biólogos](#)

Listaxe provisional de postos de traballo a ofertar na toma de posesión de biólogos

[Información do horario de verán 2019](#)

Horario de verán, período de aplicación do 16 de xuño a 15 de setembro (ambos os dous inclusive):



7. A OIT contra o acoso e a violencia no traballo

- CSIF reclama ao Goberno que ratifique o texto e legisle para que as empresas rexistren protocolos contra este tipo de situacións.

CSIF celebra o histórico convenio aprobado pola Organización Internacional do Traballo (OIT) contra a violencia e o acoso no traballo e reclama ao Goberno que ratifique canto antes este texto.

CSIF ven reivindicando desde fai moitos anos **contornas laborais de respecto** e a necesidade dunha maior regulación, así como **protocolos** e a aplicación de **políticas preventivas** fronte á violencia no traballo e o acoso laboral. Desde o Gabinete Psicosocial CSIF Axuda, atendemos máis de 2 casos diarios de persoas afectadas por estes riscos, o que demostra cal é a realidade actual nos nosos centros de traballo.

O novo Convenio reconece que *"poden constituír un incumprimento ou unha inobservancia dos dereitos humanos... e poñer en risco a igualdade de oportunidades, e que son inaceptables para lograr un traballo decente, e incompatibles con este"*. O seu obxectivo é protexer a traballadores e empregados, con independencia da súa situación contractual.

Entre as actuacións que establece o novo Convenio inclúense medidas de asistencia xurídica, social, médica e administrativa para os querellantes e as vítimas.

Desde CSIF xa reclamamos ás administracións públicas e empresas:

- Creación dunha **Directiva Europea** que regule as condicións mínimas de seguridade e saúde sobre riscos psicosociais.
- Protocolo de vixilancia da saúde específico sobre riscos psicosociais.**
- Apoio psicolóxico e xurídico **gratuíto** ás vítimas.
- Aprobación de **protocolos na totalidade de administracións e empresas.**
- Tolerancia cero** a calquera tipo de violencia nos centros de traballo



8. Actividades de formación continua da EGAP

EGAP - DOG, 26 DE XUÑO

Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se convocan as actividades de formación continua correspondentes ao segundo semestre do ano 2019 para o **persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.**

REQUISITOS DOS/DAS PARTICIPANTES

1. O persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas no apartado a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de LOFAXGA.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, bombeiros e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «destinatario» da actividade formativa.

PRAZO SOLICITUDES

Remata o **10 de xullo de 2019 as 23.55 horas**

ANEXO ACTIVIDADES

Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

Presidencia da Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Consellería de Facenda

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Consellería de Política Social

Consellería do Medio Rural

Consellería do Mar

Consellería de Sanidade

Convenios TIC-Amtega:

Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

Actividades formación continua



ANO 2019

[EGAP - DOG, 27 DE XUÑO](#)

Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se convocan actividades de formación para **persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia**.

REQUISITOS DO PERSOAL PARTICIPANTE

Poderán participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Sociedade Pública de Investimentos, S.A., Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A., Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Pechado, S.A.U., Galicia Calidade, S.A., e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

PRAZO SOLICITUDES

Remata o **11 de xullo de 2019 as 23.55 horas**

ANEXO II: CURSOS

- A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos.
- A elaboración dos pregos de cláusulas para a adxudicación de contratos públicos.
- A transparencia da administración e bo goberno (normativa estatal e autonómica).
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo (microsoft office 2010).
- Como deseñar presentacións eficaces.
- Comunicación escrita e elaboración de informes.
- Ferramentas e técnicas para falar mellor en público.
- Información e atención á cidadanía.
- Iniciación á administración electrónica. Seguraza da información e protección de datos.
- Introducción á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Os contratos do sector público.

9. Oferta de formación profesional para o curso académico 2019/2020

[CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL - DOG, 21 DE XUÑO](#)

Orde do 13 de xuño de 2019 pola que se **actualiza a oferta de formación profesional** do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20.

Actualízase a oferta educativa dos ciclos formativos de grao profesional básico, grao medio e grao superior de formación profesional, polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, para o curso 2019/20, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén actualízase a oferta dos programas formativos de formación profesional básica.

[CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL - DOG, 21 DE XUÑO](#)

Orde do 14 de xuño de 2019 pola que se **actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas**, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20.

Actualízase a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2019/20.

[CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 14 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20.](#)

10. Procesos selectivos na Administración Xeral do Estado

[MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA - BOE, 17 DE JUNIO](#)

Resolución de 14 de junio de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se convocan procesos selectivos para ingreso o acceso a **Cuerpos de la Administración General** del Estado, y se encarga su realización a la Comisión Permanente de Selección.

PLAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES:

20 días hábiles

Cuerpo/Escala	Total plazas	Sistema general	Cupo reserva personas con discapacidad	Anexos
Cuerpo General Auxiliar de la Administración del Estado (ingreso libre)	1.444	1.350	94	I
Cuerpo General Auxiliar de la Administración del Estado (promoción interna)	1.000	824	176	II
Cuerpo General Administrativo de la Administración del Estado (ingreso libre)	2.029	1.901	128	III
Cuerpo General Administrativo de la Administración del Estado (promoción interna).	1.700	1.610	90	IV
Cuerpo de Técnicos Auxiliares de Informática de la Administración del Estado (ingreso libre)	385	363	22	V
Cuerpo de Técnicos Auxiliares de Informática de la Administración del Estado (promoción interna)	105	100	5	VI
Cuerpo Gestión de la Administración Civil del Estado (ingreso libre) . .	681	638	43	VII
Cuerpo Gestión de la Administración Civil del Estado (promoción interna)	400	380	20	VIII
Cuerpo Gestión de Sistemas e Informática de la Administración del Estado (ingreso libre)	218	207	11	IX
Cuerpo Gestión de Sistemas e Informática de la Administración del Estado (promoción interna)	140	133	7	X
Total.	8.102	7.506	596	

11. CSIF esixe medidas “Seguridade Vial Laboral” nas Administracións públicas

-  **CSIF fai un chamamento ás administracións públicas e empresas para esixir a implantación de Plans de Mobilidade, óptimas condicións dos vehículos de uso profesional e o seu mantemento.**
-  **Os índices da sinistralidade vial laboral mostran un 22% de incremento durante os últimos 6 anos.**

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) fai un chamamento ás administracións públicas e empresas para **centrar a atención na implantación de Plans de Mobilidade** que proporcionen unha adecuada Seguridade Vial Laboral, esixindo óptimas condicións dos vehículos de uso profesional e o seu mantemento.

En España, en 2018 **morreron 343 persoas por accidente laboral de tráfico**, 16 vidas máis que o ano pasado quedáronse na estrada mentres desenvolvían a súa xornada laboral.

-  As Estatísticas de Sinistralidade laboral do ano 2018 reflicten como os **accidentes de tráfico durante os desprazamentos en xornada laboral ou in itinere (ao ir ou volver a casa dende o centro de traballo)**, son unha das principais causas de accidentes laborais, destacan como resultados:
-  O número de accidentes de traballo con **baixa in itinere** no ano 2018 **aumentou un 3,3%** en comparación a 2017, sendo un total de 82.279, dos cales 51.286 foron por accidente de tráfico.
-  O número de **accidentes de traballo in itinere** mortais foron **146**.
-  Os **accidentes de traballo en xornada** con baixa sucedidos durante o desprazamento foron **50.593**.
-  Os **accidentes de traballo en xornada mortais** sucedidos durante o desprazamento foron **197**.

Todos os traballadores trasládanse cada día para ir traballar, e ata algúns durante a súa xornada laboral, por iso CSIF propón centrar a atención e concienciarnos sobre:

-  Os hábitos seguros durante a condución en calquera vehículo (coche, moto, bicicleta, camión, ambulancia, furgoneta, etc.)
-  Os malos hábitos ao volante e as distraccións
-  As consecuencias e múltiples vítimas tras un accidente laboral de tráfico.
-  Xestión óptima do tempo que conleva a un control da velocidade durante a condución
-  Adecuado mantemento periódico do vehículo
-  Vantaxes no uso do transporte público

CSIF esixe unha **adecuada dotación e mantemento dos vehículos dos servizos públicos** (ambulancias, camiións de bombeiros, coches de axentes forestais, e outros vehículos da administración), formación en seguridade vial laboral e a creación de Plans de Mobilidade para reducir a sinistralidade laboral vial.

Ademais, solicita que se subscriba en convenios e/ou acordos un **seguro de vida e/ou accidentes** para aqueles empregados que teñan desprazamentos dentro da súa xornada laboral. Para o caso do uso do vehículo persoal nos desprazamentos dentro da xornada, asúmase pola organización o **incremento da póliza** ao ser un vehículo que habería que declaralo para uso profesional.

12.Ofertas públicas de emprego nas Entidade Locais de Galicia

CONCELLO	BOLETÍN	DATA	DENOMINACIÓN DOS POSTOS	Nº	SISTEMA DE SELECCIÓN	PRAZO
ACCESO LIBRE						
Baños de Molgas	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón condutor de brigada Peón de brigada Condutores vehículo motob.	1 1 3 3	Concurso	10 días hábiles
Beariz	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón condutor Peón de brigada Condutor de tractor	1 1 3 1	Concurso-oposición	2 días hábiles
Boimorto	BOPAC	26-X	Auxiliar no fogar	Bolsa	Concurso-oposición	5 días hábiles
A Bola	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón condutor de brigada Peón de brigada	1 1 3	Ver bases	5 días hábiles
Bolo	BOPOU	24-X	Xefe de brigada Peón condutor Peón	1 1 3	Concurso	3 días laborais
Borobás	BOPOU	27-X	Xefe de brigada Peón condutor Peón	2 2 6	Concurso-oposición	5 días hábiles
Carballada de Valdeorras	BOPOU	28-X	Auxiliar de axuda a domicilio	1	Ver bases	3 días hábiles
Cospeito	BOPLU	24-X	Peón de servizos múltiples	1	Concurso	5 días naturais
Entrimo	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón condutor Peón forestal	2 2 6	Concurso	5 días hábiles
Guntín	BOE	17-X	Informador xuvenil Administrativo	1 1	Concurso-oposición	20 días naturais

			Axente emprego e D.L. Peón de obras	1 1		
Láncara	BOPLU	28-X	Xefe de brigada de incendio Peón condutor Peón Condutor VMB	1 1 3 3	Ver bases	10 días naturais
Lugo	BOPLU	27-X	Socorrista	6	Proba prác. e méritos	Ver bases
Maceda	BOPOU	25-X	Xefe de brigada de incendio Peón condutor Peón brigada	1 1 3	Concurso	5 días hábiles
A Mezquita	BOPOU	28-X	Capataz/Xefe de brigada Peón condutor Peón forestal Condutor motobomba	2 2 6 3	Concurso	5 días hábiles
Monterramo	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón condutor Peón forestal	2 2 6	Concurso- oposición	5 días hábiles
Monterrei	BOPOU	24-X	Xefe de brigada de incendio Peón condutor Peón brigada	2 2 6	Concurso- oposición	5 días hábiles
Noia	BOPAC	18-X	Obras e limpeza viaria	12	Concurso- oposición	20 días naturais
O Páramo	BOPLU	26-X	Xefe de brigada de incendio Peón condutor Peón	1 1 3	Proba teórica e valoración de méritos	5 días hábiles
A Pobra	BOPAC	27-X	Socorrista Persoal de obras e mantem.	Bolsa	Ver bases	
Riós	BOPOU	26-X	Xefe brigada incendios Peón-condutor Peón	1 1 3	Ver bases	5 días hábiles
Sada	BOPAC	27-X	Socorrista praia	3	Concurso- oposición	5 días hábiles
Sandiás	BOPOU	27-X	Xefe brigada incendios Peón-condutor brigada	2 8	Concurso- oposición	5 días hábiles

Vilar de Santos	BOPOU	25-X	Xefe de brigada de incendio Peón brigada	1 4	Concurso	5 días hábiles
Vilardevós	BOPOU	28-X	Xefe de brigada Peón-condutor Peón	2 2 6	Concurso-oposición	5 días hábiles
Teo	BOPAC	19-X	Técnico de turismo	1	Concurso-oposición	10 días naturais
Xunqueira de Ambía	BOPOU	25-X	Monitor actividades	1	Concurso	4 días naturais
Xunqueira de Ambía	BOPOU	27-X	Xefe brigada incendios Peón-condutor Peón	1 1 3	Ver bases	5 días hábiles
Deputación A Coruña	BOE	26-X	Arquitecto Arquitecto técnico	3 1	Concurso-oposición	20 días naturais
PROMOCIÓN INTERNA / MOBILIDADE						
Foz	BOE	24-X	Policía local	1	Mobilidade	20 días naturais
OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO						
Lugo	DOG	24-X	Policía local- C1 Oficial de policía local – C1 Inspector policía local – A2	14 6 6	Ampliación OEP 2019	
Pontenova	DOG	27-X	Arquitecto municipal Operario servizos múltiples	1 1	Rectificación OEP 2019	
Pontevedra	BOPAC	17-X	Oficila de policía local Policía local	1 2	OEP parcial 2019	
Xove	BOPLU	28-X	Administrativo – C1 Axente de emprego e D-L. Aux. servizos sociais Oficial de mantemento xeral Coidador escola infantil Educadora escola infantil Monitor de ximnasia Operario de limpeza Oficial de albanelería	1 1 1 1 1 1 1 1 1	OEP 2019	

13. OUTRAS NOVAS: Rpt, estrutura orgánica, calendario laboral e calendario escolar

[Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo da **Consellería do Medio Rural**.](#)

[Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 polo que se aproban a relación de postos de traballo e o cadro de persoal do organismo autónomo **Instituto de Estudos do Territorio**.](#)

[Resolución do 27 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de xuño de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo **Instituto Galego da Vivenda e Solo**.](#)

[CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 6 de xullo de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xullo de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da **Consellería de Economía, Emprego e Industria**.](#)

[CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 28 de febreiro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo do **Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia**.](#)

[Decreto 69/2019, do 27 de xuño, polo que se modifica o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a **estrutura orgánica da Consellería de Facenda**.](#)

[Decreto polo que se determinan as **festas da Comunidade Autónoma de Galicia** do calendario laboral para o ano 2020. CONSELLO DA XUNTA, 27 DE XUÑO](#)

[Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o **calendario escolar para o curso 2019/20** nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

14. Calendario laboral: Festividades do ano 2020 para a Comunidade Autónoma de Galicia

[REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA - 27 DE XUÑO](#)

A normativa estatal fixa **14 festivos**: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos e, cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode **substituílo** por outro día de interese

En 2020 prodúcese esta circunstancia o 1 de novembro e o 6 de decembro, que se substitúen polo 19 de marzo e o 24 de xuño

Entre os festivos nacionais que teñen carácter opcional, Galicia elixe sempre o 25 de xullo, por ser o Día Nacional de Galicia, ademais do día de Reis (6 de xaneiro) e o Xoves Santo, que o próximo ano cae o 9 de abril

O Consello da Xunta ratificou o pasado xoves o decreto que fixa o calendario laboral para 2020, tras levarse previamente ao Consello Galego de Relacións Laborais. Agora, terá que publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG). A Comunidade Autónoma galega terá como **festivos propios** o próximo ano os días de San Xosé (19 de marzo) e de San Xoán (24 de xuño). Así se establece na proposta para 2020, na cal tamén se recolle como festivo o 25 de xullo, Día de Galicia.

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, **dous son elixidos por cada concello**. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (10 de abril en 2020), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2020 hai **dous festivos nacionais que coinciden en domingo** (o 1 de novembro, día de Todos os Santos; e o 6 de decembro, día da Constitución) e que se substituirán en Galicia polo 19 de marzo, día de San Xosé (xoves), e polo 24 de xuño, día de San Xoán (mércores).



Ademais, outros **tres festivos** de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2020 se celebrará o 9 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico, cada concello galego deberá establecer os seus dous días festivos locais. Para iso será necesario a súa aprobación polos plenos das administracións locais.

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Mércores
Día de Reis	6 de xaneiro	Luns
San Xosé	19 de marzo	Xoves
Xoves Santo	9 de abril	Xoves
Venres Santo	10 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Venres
San Xoán	24 de xuño	Mércores
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Sábado
Asunción da Virxe	15 de agosto	Sábado
Día da Hispanidade	12 de outubro	Luns
Inmaculada Concepción	8 de decembro	Martes
Nadal	25 de decembro	Venres

15. CSIF AXUDA_A combater a calor

Chega a calor e as temperaturas elevadas que anuncian para moitas persoas e sobre todas aquelas con factores de risco son moi difíciles de soportar. Polo tanto hai que adoptar as precaucións básicas e non esquecerse de levalas a cabo.

Dende CSIF propoñemos unha serie de medidas de prevención para evitar que as altas temperaturas nos pase factura a conta da nosa saúde.

CSIF, ante as altas temperaturas que se producirán neste verano pedimos que tanto as administracións, empresas, traballadores e demais persoas tomen todas as precaucións oportunas para non poñer en risco a saúde propia e a dos demais..

CSIF ven difundindo anualmente unha ficha informativa sobre o estrés térmico que os traballadores poden estar expostos e os factores do mesmo. Así como os trastornos que se poden producir, os signos polo esgotamento e golpe da calor e sobre todo que medidas preventivas se deben levar a cabo así como da intervención para paliar os efectos da calor.

CSIF salienta neste documento dez propostas que serven para unha reflexión que deberíamos de facer todos e sobre todo aquelas persoas que sexan máis vulnerables para evitar episodios adversos na súa saúde.

GRUPOS DE RISCO. Os bebés, os nenos, as persoas maiores, as persoas que teñen unha enfermidade crónica, embarazadas, etc. requiren unha especial atención cando fai calor.



A HIDRATACIÓN. Beber abundante auga e outros tipos de líquidos sobre todo nas horas centrais do día. Debese controlar os líquidos que conteñan alcohol, azucre, cafeína...

CONTROL ALIMENTARIO. Hai que alimentarse ben cunha dieta variada e equilibrada. Comer lixeiro e varias veces. Recomendase as ensaladas, verduras, froita, etc.



CATEGORÍA	FACTOR DE PROTECCIÓN SOLAR (SPF)
Protección baja	6
	10
Protección media	15
	20
	25
Protección alta	30
	50
Protección muy alta	50+

PROTECCIÓN SOLAR. Hai que extremar a precaución co sol. Si ti ou outra persoa ao teu cargo se expoñe ao sol consulta co teu médico ou dermatólogo que tipo de crema solar é a recomendable para a túa pel. Debese de aplicar varias veces a crema polo corpo e sobre todo en zonas máis sensibles os raios ultravioletas. Cos nenos extrema as precaucións evitando que estean ao sol desprotexidos durante moito tempo. Olo coas sombrillas e dentro da auga xa que un pensa que está a salvo pero deixa pasar a radiación ultravioleta.

SEMPRE A SOMBRA. Procura permanecer en lugares frescos, á sombra ou climatizados, evita expoñerte aos raios do sol cando non sexa necesario.



DEPORTE CON MODERACIÓN. Nas vacacións e no tempo libre moitas persoas como teñen bo tempo realizan os seus deportes favoritos, pero cando fai moito calor hai que reducir a actividade física e evitar realizar deportes ao aire libre nas horas centrais do día.

USA VESTIMENTA ADECUADA. Usa roupa lixeira e que estea confeccionada con tecidos transpirables. O calzado que sexa cómodo e que deixe "respirar" aos teus pés. Coida moito os pés e ollo cos hongos.



O VEHÍCULO. No habitáculo debe de haber unha boa temperatura interior, pois a calor excesiva provoca somnolencia (e os conseguíntes accidentes). Non deixes a nenos, maiores ou enfermos, e tamén as mascotas sos no coche: o golpe de calor pode ser fatal.

BOTIQUÍN. Mantén as túas menciñas nun lugar fresco, para que non lles afecte a calor. Aínda que moitas aguantan perfectamente temperaturas elevadas, outros fármacos son especialmente sensibles aos grados de máis.



EN CASO DE DÚBIDA, VAI O MÉDICO. Ante síntomas provocados polas altas temperaturas e que se prolongue máis dunha hora, acode ao médico.

CSIF AXÚDACHE ANTE A CALOR

QUE É O ESTRÉS TÉRMICO?

CARGA NETA DE CALOR A QUE OS TRABALLADORES PODEN ESTAR EXPOSTOS, E QUE É O RESULTADO DE TRES FACTORES:

- CALOR AMBIENTAL DO LUGAR DE TRABALLO
- CALOR XERADO POLA ACTIVIDADE FÍSICA REALIZADA
- TIPO DE VESTIMENTA QUE SE USA

TRASTORNOS QUE SE PODEN PRODUCIR:

- ALTERACIÓNS CUTÁNEAS
- LEVES EFECTOR DE SUDOR
- EDEMA EN MANS E PÉS
- CALAMBRES
- SÍNCOPE
- AGOTAMENTO POLO CALOR
- **GOLPE DE CALOR (40°)**. Aumento da temperatura corporal por exposición prolongada ó sol ou por facer exercicio en ambientes calurosos, producíndose unha perda de auga e minerais esenciais para un bo funcionamento.



SIGNOS DO AFOGAMENTO POR CALOR

- Pulso rápido e débil
- Pel fresca e húmida
- Respiración acelerada e pouco profunda

SIGNOS DO GOLPE DE CALOR

- Sudoración profusa, pel quente e seca
- Confusión mental
- Náuseas, vómitos e dor de cabeza
- Pulso acelerado (taquicardia)
- Respiración rápida

QUE FACER?

- Reducir temperatura corporal, quitar algo de roupa, dar aire (ventilador, abanico...)
- Tomar auga
- Postura semisentada para facilitar respiración
- Colocar compresas de auga fría na fronte, nuca, cuello...
- Reanimación cardiopulmonar si a persoa perde o coñecemento

MEDIDAS PREVENTIVAS

- Permanecer en lugares ventilados
- Beber auga cada 2-3 horas, evitar o alcol e as comidas copiosas
- Utilizar roupa de cor clara, calzado lixeiro e protexer a cabeza
- Habilitar zonas con sombra
- Planificar as tarefas e a manipulación de cargas para horarios con menor calor
- Uso de equipos de protección individual que permita a respiración

CSIF GALICIA

